

**PROGRAMACIÓN  
DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA  
C.P.I. DE CERVANTES**

**CURSO 2022 – 2023**

**DATOS DO DEPARTAMENTO**

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupos</b>	<b>Profesora</b>
<b><i>Música</i></b>	2º ESO	1	Mª Victoria Pardiño Piñón

***Xefa de departamento: Mª Victoria Pardiño Piñón***

## CONTEXTUALIZACIÓN

### Características do centro

**Situación:** Rúa dos Colexios s/n Cervantes.

**Características:** O CPI de Cervantes está situado en San Román de Cervantes, capitalidade do Concello de Cervantes, na bisbarra da montaña da provincia de Lugo.

**Ensinanzas que oferta o centro:** Infantil, Primaria e Secundaria.

### Características do alumnado

O tipo de poboación en que se asenta esta comunidade educativa é eminentemente rural, diseminada en aldeas de media-alta montaña e substrato agrícola-gandeiro.

A situación económico-social xeral das familias do alumnado pódese considerar de tipo medio-baixo, de acordo cos valores medios establecidos a nivel nacional.

O CPI leva xa máis de 38 anos de funcionamento e o nivel cultural das familias pódese considerar medio-baixo, con fala galega predominante e formación primaria, con excepcións.

O concello de Cervantes colabora regularmente no mantemento do edificio e na subvención dalgunha das actividades que se leva a cabo no centro.

A maioría do alumnado emprega a diario o servizo de transporte escolar e a totalidade o Comedor do Centro. O resto dos alumnos residen no propio San Román.

**INTRODUCCIÓN**

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como Internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica. A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo. Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical. Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional. O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado. Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade. Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado

participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula. Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## METODOLOXÍA

### 1. ASPECTOS XERAIS

O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establece no seu artigo 11 uns principios metodolóxicos que deberán orientar o traballo durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Entre eles préstase unha especial atención á consideración da atención á diversidade, ao favorecemento da capacidade para aprender por si mesmos, ao valor da aprendizaxe en equipo, ao emprego de metodoloxías activas e participativas, ao enfoque multidisciplinar do proceso educativo, á promoción da comprensión da lectura e do uso da información e ao deseño de actividades de aprendizaxe multicompetenciais, como pode ser a metodoloxía por proxectos. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomente aspectos como os seguintes:

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas: Combinar traballo individual e cooperativo.
- A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.
- A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC.
- Papel do profesor/a como facilitador do proceso de aprendizaxe.

### 2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Memorización comprensiva
- Resolución de cuestionarios, escritos ou orais.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, gravacións, vídeos.
- Elaboración de sínteses, esquemas, mapas conceptuais...
- Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos, gráficos, mapas, táboas de datos, etc..
- Ocasionalmente, realización de traballos de ampliación a partires de contidos básicos expostos na clase. Poden ser traballos de carácter voluntario ou obrigatorio, a realizar fóra da aula, empregando fontes de información “externas” e utilizando soportes dixitais ou presentacións na aula.
- Para as actividades relacionadas coa interpretación instrumental ou vocal empregaranse técnicas como a imitativa (pregunta-resposta entre profesor e alumnado); a lectura rítmica previa de peza a interpretar con instrumentos; o estudo por pequenas pasaxes (especialmente cando aparecen novidades, como novas notas alteradas ou ritmos de especial dificultade).

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**LIBRO DE TEXTO:** . Traballárase con fichas, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado pola profesora. O material para o traballo diario na aula tal como fichas de exercicios, partituras ou cuestionarios concretos, facilitarase ó alumnado de xeito gratuíto.

**MATERIAL APORTADO POLO ALUMNADO:** Será obrigatorio para o alumnado carpeta ou clasificador para gardar o material ordenadamente, bolígrafos e material de escritura.

**AULA VIRTUAL:** Constará de cursos para cada nivel da materia e será a través dela onde se ofrezca boa parte do material de música. Servirá tamén para a proposta de actividades obrigatorias ou voluntarias, para ofrecer información adicional dos temas e incluso enlaces de interese a contidos dixitais relacionados coa materia.

**INSTRUMENTOS MUSICAIS:** Priorizarase a utilización do propio corpo como instrumento e de elementos percusivos como pupitres, carpetas, bolígrafos, e incluso obxectos cotiáns como vasos de plástico, culleres, etc... aportadas polo alumnado . Tamén se utilizarán instrumentos de percusión creados polos alumnos como maracas, tambores, claves, etc...

Por outra banda, para a práctica de partituras melódicas, o departamento intentará, de ser posible, aproveitar recursos tecnolóxicos do alumnado, tales como o teléfono móbil, para usar como instrumento a través da instalación de aplicacións de piano interactivo.

### **OUTROS MATERIAIS:**

- Recursos audiovisuais (vídeos on-line, fotos, arquivos de audio...)
- Actividades interactivas elaboradas con software educativo (JavaClic, Ardora, EdiLIM...)
- Outros programas informáticos relacionados co son e a música: secuenciadores (Vegas), editores de partituras (Encore, Finale, Sibelius...), programas de karaoke, editores de audio e de vídeo (Audacity, MovieMaker, etc.)
- Sistemas e material de gravación de audio e vídeo ( micrófonos, cableado, mesas de son,cámara de vídeo... )

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Como se puxo de manifesto no apartado dedicado á metodoloxía, a atención á diversidade, a construción do coñecemento partindo da competencia inicial do alumnado e o respecto aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe son elementos básicos da nosa práctica metodolóxica. De conformidade con eles e en estreita colaboración co departamento de orientación o profesorado do departamento tomará en cada momento as medidas que se consideren máis axeitadas para cubrir as necesidades específicas de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, dentro das limitacións que o tempo, o tamaño das aulas e a amplitude dos currículos impoñen á nosa tarefa docente.

Non obstante o primeiro paso para a adopción das devanditas medidas é a detección do alumnado que as require, proceso que non se poderá dar por completado neste curso ata rematar as avaliacións iniciais e incluso a primeira avaliación.

### **Medidas de atención á diversidade no presente curso**

- Materiais e recursos didácticos diferenciados no caso de haber alumnado con adaptación curricular individualizada ou outra causa xustificada.
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula: Cóntase cunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.. Tamén pódese contar con apoio na aula en caso de adaptacións curriculares que así o precisen, sempre que haxa dispoñibilidade horaria por parte do persoal de apoio.
- Farase a adaptación metodolóxica necesaria para os alumnos que así o precisen, tanto se contan con adaptación curricular como se existe outra causa que así o xustifique.
- Adaptaranse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para os alumnos que así o precisen, tanto se se contempla nunha adaptación curricular como se existe outra causa que o xustifique, como é o caso de alumnado con altas capacidades



2º ESO

## OBXECTIVOS

1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera outra manifestación de violencia contra a muller.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver habilidades básicas no emprego das fontes de información, para obter novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e a comunicación.
6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas; e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito adecuado.
10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que teñan realizado achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas; respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal; incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.
13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia; participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito.
14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de

relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

<b>2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos</b>				
<b>Avaliacións</b>	<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>			<b>Temporalización</b>
	<b>Unidade</b>	<b>Bloque</b>	<b>CONTIDO</b>	<b>Mes</b>
<b>1º AVALIACIÓN</b>	<b>1</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: PENTAGRAMA, CLAVE DE SOL, , NOTAS NO PENTAGRAMA.	<b>SETEMBRO/ OUTUBRO</b>
		B1.7	Graffas e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.	
		B2.7	Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	
	<b>2</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: PULSO, FIGURAS, PLICAS, COMPÁS, COMPASES BÁSICOS	<b>OUTUBRO/ NOVEMBRO</b>
		B2.2	Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	
		B2.4	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical (ritmo, melodía, forma, harmonía , textura)	
	<b>3</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: SIGNOS DE PROLONGACIÓN, SIGNOS DE REPETICIÓN	<b>NOVEMBRO/ DECEMBRO</b>
		B1.4	Agrupacións vocais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.	
		B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e das	

			agrupacións vocais.	
En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas.				

<b>2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos</b>				
<b>Avaliacións</b>	<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>			<b>Temporalización</b>
	<b>Tema</b>	<b>Bloque</b>	<b>CONTIDO</b>	<b>Mes</b>
<b>2º AVALIACIÓN</b>	<b>4</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: TON E SEMITÓN	<b>XANEIRO/ FEBREIRO</b>
		B1.3	Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.	
		B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de corda na orquestra	
		B2.2	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: dinámica e agónica	
	<b>5</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: AS ALTERACIÓNS	<b>FEBREIRO/ MARZO</b>
		B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de vento na orquestra	
		B2.4	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: carácter e expresión.	
<b>En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas.</b>				

<b>2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos</b>		
<b>Avaliacións</b>	<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>	<b>Temporalizac</b>

	Tema	Bloque	CONTIDO	Mes
<b>3º AVALIACIÓN</b>	<b>6</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: ESCALAS, GRAOS DA ESCALA.	<b>ABRIL/ MAIO</b>
		B1.4	Agrupacións instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas: Os instrumentos galegos	
		B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de percusión	
		B2.3	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos Orff (instrumentos da aula).	
	<b>7</b>	B1.1	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: INTERVALOS E ACORDES	<b>MAIO/ XUÑO</b>
		B3.1	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica ou publicitaria.	
		B3.2	Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	
		B3.3	Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	
		B3.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	
		B4.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu disfrute.	
<b>En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas.</b>				

### 2º ESO - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS

Bloque	Contido
B1.6	Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.

B1.8	Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación
B1.10	Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/ás outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
B1.11	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
B1.12	Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
B1.15	Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
B2.1	Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
B2.5	Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
B2.6	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
B3.4	Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
B3.5	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
B4.1	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
B4.2	Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
B4.3	Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
B4.4	Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
B4.5	Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
B4.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu disfrute.
<b>Bloque 5</b>	<b>Contido</b>
B5.1	Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula
B5.2	Aceptación da autoridade do profesorado
B5.3	Realización das tarefas encomendadas
B5.4	Esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas

Terase en conta tamén que este presente curso hai contidos imposibles de impartir por entrar en contradición co propio protocolo covid.

### 2º ESO - CONTIDOS SUPRIMIDOS NO PRESENTE CURSO

Bloque	Contido
B1.2	Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas. Exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
B1.5	Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
B1.9	Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e interpretación dun repertorio variado de danzas.
B1.13	Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
B1.14	Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades da aula.
B1.16	Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

### 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN			
Grao mín. de consecución	Id. do criterio	Estándares de aprendizaxe	Compet clave
50%	B1.1.	MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	CCEC ▪ CCL
50%		MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	CMCCT ▪ CCEC
20%		MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	CMCCT ▪ CCEC
50%	B1.2.	MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación	CCEC

		das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	
20%	B1.3.	MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os ritmos máis comúns	CAA ▪ CCEC
50%	B1.4.	MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA ▪ CCEC
30%		MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	CCEC
50%	B1.5.	MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CSIEE
30%	B1.6.	MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC
30%		MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas do patrimonio español e galego.	CCEC
50%		MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC
50%		MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo	CSC
<b>TEMAS TRANSVERSAIS</b>		<b>CL, EOE, EMP, EC, PV</b>	

## 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

### BLOQUE 2: ESCOITA

Grao mín. de consecución	Id. do criterio	Estándares de aprendizaxe	competencias clave
50%	B2.1.	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	CCEC
50%		MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	CCEC
20%	B2.2.	MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.	CCEC
50%	B2.3.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC
40%		MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	CCL ▪ CCEC



<b>20%</b>	<b>B2.4.</b>	MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	CCEC
<b>50%</b>		MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	CCL
<b>50%</b>	<b>B2.5.</b>	MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	CSC
<b>20%</b>		MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	CSIEE • CD
<b>TEMAS TRANSVERSAIS</b>		<b>EOE, CA, EC, PV</b>	

<b>2º ESO - Avaliación de criterios é estándares</b>			
<b>BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS</b>			
<b>Grao mín. de consecución</b>	<b>Id. do criterio</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>competencias clave</b>
40%	B3.1.	MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC
50%	B3.2.	MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	CCEC
50%	B3.3.	MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	CCEC
50%		MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.	CCEC
40%		MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	CCEC
50%	B3.4.	MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	CCL
40%		MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade	CCL
20%	B3.5.	MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD
50%		MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA
<b>TEMAS TRANSVERSAIS</b>		<b>CL, EOE, CA, EC</b>	
<b>2º ESO - Avaliación de criterios é estándares</b>			
<b>BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS</b>			
<b>Grao mín. de consecución</b>	<b>Id. do criterio</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>competencias clave</b>
20%	B4.1.	MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	CD
20%	B4.2.	MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musica	CD
<b>TEMAS TRANSVERSAIS</b>		<b>CA, TIC,EMP</b>	

<b>2º ESO - Avaliación de criterios é estándares</b>			
<b>BLOQUE 5: ACTITUDES</b>			

<b>Grao mín. de consecución</b>	<b>Id. do criterio</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>competencias clave</b>
<b>50%</b>	<b>B5.1.</b>	Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula	CCEC
<b>50%</b>	<b>B5.2.</b>	Acepta da autoridade do profesorado	CCEC
<b>50%</b>	<b>B5.3</b>	Realiza as tarefas encomendadas	CCEC
<b>50%</b>	<b>B5.4</b>	Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas	CCEC
<b>TEMAS TRANSVERSAIS</b>		<b>EMP, EOE, CA, EC, PV</b>	

<b>2º ESO - -AVALIACIÓN</b>	
<b>1. Avaliación inicial</b>	
<b><u>Data de realización:</u></b> Durante o mes de setembro	
<b><u>Descrición das probas:</u></b> A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, de exercicios de discriminación auditiva de notas e figuras e, eventualmente de exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.	
<b><u>Consecuencias dos resultados:</u></b> A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.	
<b><u>Información ás familias:</u></b> Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia, a través da figura do titor do grupo ou a través do equipo de orientación.	
<b>2. Avaliación continua</b>	
<b><u>Temporalización das probas de avaliación:</u></b> Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico.	
<b><u>Cualificación das probas:</u></b> A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.	
<b><u>Media, ponderación e redondeo:</u></b> Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado: MUB 1.4.1, MUB 1.5.2, MUB 1.6.3, MUB 2.3.1., MUB 3.2.1., MUB, 3.3.1, MUB 3.5.2, e todos os do bloque 5. O 70% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.	
<b><u>Instrumentos de avaliación:</u></b> Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de investigación propostos na aula ou a través da aula virtual, gravación fora da aula de vídeos ou audios con interpretacións vocais, rítmicas ou instrumentais, traballos creativos ou artísticos relacionados con audicións ou estilos musicais, probas tipo test ou de resposta curta impresas ou a través da aula virtual, traballos de presentación ou exposición oral na propia aula ou a través de gravación en vídeo, resúmenes e esquemas, revisións dos cadernos de traballo ou do material do alumnado...	
<b><u>Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:</u></b> Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.	

Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe."
<p><b><u>Recuperación dunha proba non superada:</u></b> As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.</p>
<p><b><u>Recuperación dunha avaliación non superada:</u></b> As avaliacións non superadas non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.</p>
<p><b><u>Cualificación da avaliación final ordinaria:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio: Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.</li> <li>• En todo caso, se a única avaliación aprobada é a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.</li> <li>• Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.</li> <li>• No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.</li> </ul>
<p><b>3. Avaliación final</b></p>
<p><b><u>Proba de avaliación final:</u></b> Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal.</p>
<p><b><u>Criterios para a promoción:</u></b> Dependerá do estimado polo equipo docente, que en todo caso referirase á madureza do/a alumno/a e á posibilidade de que poida cursar o seguinte curso sen dificultade.</p>
<p><b>4. Avaliación extraordinaria</b></p>
<p><b><u>Procedemento de avaliación extraordinaria:</u></b> Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p>
<p><b>5. Recuperación e avaliación de pendentes</b></p>
<p>Non hai alumnado pendente na materia de música neste nivel educativo, xa que é o primeiro ano que cursan a materia en secundaria.</p>

<b>2º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</b>		
<b>CONTIDOS</b>	No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.	
<b>ESTÁNDARES</b>	No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación, pero cambiaría o grao de consecución para aqueles relacionados coa práctica instrumental: MUB1.4.1, MUB1.4.4, MUB1.6.4, que pasarían a ter un 30% no grao de consecucións en lugar do 50% que figura no documento, por entenderse que a dedicación a estes estándares non pode ser de igual peso que nun ensino presencial.	
<b>AVALIACIÓN</b>	Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das probas de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por trimestre.	
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>Actividades</b>	As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaránse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.
	<b>Materiais e recursos</b>	Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.

## 2º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL

<b>CONTIDOS</b>	<p>No caso de ensino non presencial suprimíranse os seguintes contidos ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo::</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• B1.8 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</li><li>• B1.10 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/ás outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</li><li>• B1.11 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</li><li>• B1.12 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li><li>• B1.15 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.</li><li>• B3.4 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</li></ul>
<b>ESTÁNDARES</b>	<p>No caso de ensino non presencial suprimíranse os seguintes estándares ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os ritmos máis comúns</li><li>• MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li><li>• MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li><li>• MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li><li>• MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li><li>• MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li><li>• MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas do patrimonio español e galego</li><li>• MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e i</li><li>• MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito B5.1. Acepta e cumpre as normas de convivencia na aulamúsica instrumentais do patrimonio español e galego.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Temporalización das probas de avaliación: Farase como mínimo unha proba teórica por avaliación sobre os</li></ul>

<p><b>AVALIACIÓN</b></p>	<p>contidos traballados cada trimestre. Esta proba propoñeráse a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.</p> <p>Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cualificación das probas:</li> </ul> <p>A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.</p> <p>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Media, ponderación e redondeo:</li> </ul> <p>Un 20% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas.</p> <p>O 80% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares, tendo en conta que a lo menos a metade desa porcentaxe (40%) será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.</p> <p>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.</p>	
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p><b>Actividades</b></p>	<p>As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio.</p>
<p><b>INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b></p>	<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, cuestionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos ou como guía para a interpretación rítmica ou melódica, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</p>



	<p>electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia.</p>
--	---

### **Avaliación da programación didáctica**

#### **Mecanismo de revisión:**

**PERIODICIDADE:** Levarase un control en cada unha das reunións de departamento convocadas

#### **MEDIDAS EN CASO DE DESFASE:**

Reaxustaranse as actividades para poder levar a cabo toda a avaliación de estándares previstas, en caso de que o axuste necesario leve a supresión dalgún elemento desta programación procederase coa seguinte priorización ata axustala ao tempo restante.

1. Eliminaranse algúns dos estándares
2. Eliminaranse algúns dos contidos

Ditos cambios quedarán reflectidos nas diferentes reunións de departamento e transmitirase a información ao alumnado afectado polo cambio. Recolleranse asemade na memoria de final de curso.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Debido á crise sanitaria que estamos a vivir, o criterio do Departamento o presente curso é evitar calquera actividade extraescolar que poda supoñer risco para a saúde dos nosos estudantes, razón pola que non contempla actuacións públicas, concertos no centro, ou saídas con eles, a menos que estas contén con toda garantía de seguridade e en pequenos grupos de alumnos, pero dependemos para isto das propostas de diferentes entidades que oferten actividades ó longo do curso.

O que si se contempla por parte do Dpto. de música no presente curso é a posible creación de vídeos musicais coa participación dos alumnado dos distintos niveis educativos, gravacións na aula ou creacións con materiais enviado polos propios alumnos

<b>ÍNDICE</b>	
<b>DATOS DO DEPARTAMENTO</b>	<b>PX. 1</b>
<b>CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>PX. 2</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>PX. 3</b>
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>PX. 4</b>
<b>MATERIAIS E RECUSROS DIDÁCTICOS</b>	<b>PX. 6</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>PX. 7</b>
<b>2º ESO</b>	<b>PX. 8</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>PX. 9</b>
<b>SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS</b>	<b>PX. 10</b>
<b>AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES</b>	<b>PX. 17</b>
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>PX. 19</b>
<b>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</b>	<b>PX. 21</b>
<b>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL</b>	<b>PX. 22</b>
<b>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>	<b>PX. 25</b>
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>PX. 25</b>